

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DA LAMA PARA O ROCE E LIMPEZA DE CUNETAS E MARXES DE CAMIÑOS MUNICIPAIS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello da Lama o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello da Lama para o roce e limpeza de cunetas e marxes de camiños municipais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible. Esta artículase a través de misións, sendo unha delas a mobilidade, conectividade turística e reequilibrio territorial. Unha primeira liña de traballo incide na necesaria combinación dos diferentes medios de transporte para facilitar os desprazamentos turísticos, mellorar a percepción do destino e garantir e facilitar información sobre este. En segundo lugar, o turismo é a grande actividade económica capaz de redistribuír riqueza e facilitar emprego en áreas especialmente vulnerables e que afrontan o reto demográfico. A estratexia busca apuntalar o turismo rural cara ao ano 2030, mellorando a súa planificación, facilitando investimentos e xerando novas experiencias, máis atractivas e innovadoras, pero, sobre todo, que reforcen a cultura e a identidade local.

Neste senso cómpre mellorar o transporte interno, en especial coas áreas rurais e os municipios con menos presión turística, para facilitar o acceso a áreas que contan con importantes recursos, pero presentan menor facilidade no acceso. Consegúrase así non só mellorar a accesibilidade a zonas menos visitadas, senón que tamén contribuírase a distribuír os fluxos turísticos de maneira máis equilibrada e fomentárase un turismo responsable e sostible.

O obxecto da actuación é o roce e limpeza de cunetas e marxes de camiños e estradas co fin de eliminar a terra e a vexetación que alí medra. Esta vexetación dana o pavimento, xa que impide a evacuación das augas de escorrentía, e xera graves problemas de tránsito peonil e de vehículos, como consecuencia da diminución do ancho da estrada dispoñible e da visibilidade.

Terceiro.- O Concello da Lama ten unha superficie aproximada de 112 Km² divididos en dez parroquias. A rede viaria do concello conta cuns 186 quilómetros distribuídos en estradas, camiños e sendeiros de titularidade municipal. Actualmente, dada a extensión do concello da Lama e a insuficiencia de medios materiais e humanos dos que dispón fai que non sexa posible un servizo eficiente e adecuado ás necesidades dos camiños e estradas municipais. O concello realiza anualmente, a través de persoal propio, os traballos de roce e limpeza anteriormente indicados. Porén, debido á escaseza de medios e á amplitude de actuación, o Concello da Lama só é capaz de acadar o 50% do ámbito, sendo o restante 50% realizado a través da licitación dun contrato.



A citada actuación contribuirá a mellorar a imaxe do Concello da Lama como destino cultural e artístico, o que incrementará de maneira directa o fluxo turístico e propiciará repercusións económicas favorables para a comarca e, polo tanto, para Galicia.

O Concello da Lama por si só non conta cos recursos suficientes para facer fronte a estes traballos, polo que a Xunta de Galicia e o Concello da Lama consideran necesario formalizar un convenio de colaboración para o desenvolvemento de tales actuacións, posto que se trata dunhas accións de interese común definidas para potenciar o turismo cultural non só na comarca de Pontevedra senón tamén na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

